


CADERNINIÑO

expresión escrita



NOME: _____

@amaxiadeaprender

ANTES DE COMEZAR



- ★ Antes de comezar, debemos facer un borrador do texto que imos escribir.
- ★ Lembra que tipo de texto vas escribir, debes adaptarte a súa forma.
- ★ Debemos escribir empregando vocabulario axeitado e variado.
- ★ Emprega conectores:
 - Para empezar, para comezar, en primeiro lugar, de entrada
 - A continuación, despois, máis tarde, máis adiante
 - Por unha banda-pola outra banda; por unha parte-por outra parte
 - Polo contrario, así e todo, entón, daquela, pola contra,
 - Finalmente, ao final, para rematar, en resumo, por último
- ★ Revisa a ortografía e puntuación, antes de pasar o escrito a limpo.
- ★ Recorda deixar marxes, emprega unha plantilla de liñas se a necesitas para poder escribir recto.
- ★ Presenta sempre o texto limpo e ordenado.



A DESCRICIÓN

Consiste en mentonar detalladamente as características das persoas, animais, obxectos ou lugares. Nunha descrición pódense mencionar todas as características, tanto internas como externas.

TIPOS:

- De persoas
- De lugares
- De animais
- De obxectos

Para elaborar un texto descriptivo debemos responder á pregunta: "como é?"

Para iso temos que utilizar unha diversidade de adxectivos

PASOS

1. Observa con atención o que vas describir.

2. Selecciona as características que permitan recoñecelo.

Se é unha persoa, fíxate tanto nas características físicas como da súa personalidade.


Se é un lugar descríbeo todo, que tipo de paisaxe é, os elementos e obxectos que ves.

3. Organiza as características seleccionadas.

4. Escribe o texto, presentando as ideas en forma ordenada. Emprega un vocabulario axeitado, e se se trata de animais ou lugares, vocabulario específico.



A DESCRICIÓN- Tarefa 1



Completa a seguinte descrición de lugar.



Este lugar é unha paisaxe humanizada de _____.


Nel pódese observar, nun primeiro lugar, un campo _____.

Ao fondo vemos unha pequena _____, está composta por varias casas de cores_____. Sobresae, unha _____.

Ademais tamén observarmos varias _____, aínda que sen follas, polo que parece que estamos en _____ ou _____.

Por detrás desta aldea podemos intuír unha zona _____.

A DESCRICIÓN- Tarefa 2



Observa a esta persoa e descríbea. Pensa o que coñeces dela e descríbea tanto físicamente coma a súa personalidade.



A NARRACIÓN

O texto narrativo é o relato de feitos reais ou imaxinarios que lles suceden aos personaxes que interveñen na historia e que se desenvolven nun espazo e tempo determinados.

O texto narrativo responde á pregunta "que ocorre?", e podémolo atopar en novelas, contos, fábulas, lendas, etc.

ELEMENTOS:


- Marco ou espazo (onde e cando se dan os feitos).
- Narrador (é o que conta a historia). Pode ser en 1^o persoa (se contas ti mesmo o que che pasa) ou 3^o persoa (se a historia é contada por unha persoa que non participa)
- Trama (orde en que ocorren os feitos).
- Personaxes (protagonistas da historia: principal e secundarios).
- Organización do texto narrativo

PARTES:

- Inicio (presenta aos personaxes e o ambiente en que se desenvolve a historia).
- Nó (momento de maior interese ou da intriga).
- Desenlace (final da historia coa solución que atopan os personaxes).

*Non debemos esquecer poñerlle un título ao noso escrito.

A NARRACIÓN- Tarefa 1




Ordena las partes de este texto narrativo.

VACACIÓNS EN ROMA

- ☐ A verdade é que o pasei xenial cos meus tíos, pero encantoume volver á miña casa e saudar á xente, ver as árbores no bosque e cheirar a terra mollada.
- ☐ O verán pasado estiven en Roma. O día que cheguei, pola tarde, facía unha calor horrorosa. Baixeime do autobús e atopeime perdida entre unha chea de xente con moitísima présa.
- ☐ Empezamos a camiñar. Eu tentaba saudar á xente coa que nos cruzabamos, como facemos no meu pobo, pero deime conta de que era imposible. Eran demasiados!
- ☐ A verdade é que me deu medo non atopar ao meu tío, que quedara en recollerme. Menos mal que el me viu e colleume da man!



A NARRACIÓN- Tarefa 2



A partir desta situación escribe unha historia. Antes de comezar prepara o teu borrador respondendo ás seguintes preguntas:

- Cando ocorre?
- Onde ocorre?
- Personaxes: Protagonista? Outros principais? Personaxes secundarios?
- Que ocorre?
- Como remata?



O CÓMIC


Un cómic é unha serie de viñetas con desenvolvemento narrativo. Tamén se pode definir como relato gráfico breve e entretido que consta principalmente de debuxos encadrados en viñetas e que encerra os diálogos ou pensamentos escritos dos seus personaxes nunha especie de “burbulla”.

Os cómics tamén reciben o nome de historietas. Existen cómics mudos, que constan só de imaxes, tan expresivas, que non necesitan palabras para ser entendidos.

PASOS:

1. Pensa o que queres facer. Dá renda solta á túa imaxinación para inventar a historia que vas escribir.
2. Escribe un pequeno guion.
3. Comeza facendo os debuxos.
4. Escribe o texto en cada bocadillo. Conta a historia que inventaches nun ton humorístico utilizando as túas propias palabras.
5. Colorea os debuxos.
6. Pon un título.
7. Non esquezas asinar ao final do cómic, debido a que ti es o seu autor.


O CÔMIC- Tarefa 1



Completa as viñetas deste cómic e depois coloréao.



O CÓMIC- Tarefa 2



É o teu turno, pensa, planifica, debuxa e escribe a túa propia viñeta. Deixa voar a túa imaxinación.

A NOTICIA

A noticia é un tipo de texto xornalístico que informa sobre feitos. A noticia é obxectiva e veraz. Isto quere dicir que non aparece a opinión do autor e que os feitos se contan tal e como sucederon, sen incluír nada que non sexa verídico.

A noticia é un texto xornalístico.

PARTES:

- Titular. É o título da noticia. A súa función é chamar a atención dos lectores.
- Entradiña. Resumo breve da información.
- Corpo. Narra os acontecementos. A información vai aparecendo de máis a menos importante.
- Foto: Pódese incluír ou non.
- Pé de foto.

Un total de 400 alumnos se quedan sin plaza en el colegio de su preferencia → TITULAR

■ El MEC concede el incremento de niños por aula a ocho centros privados concertados que lo pidieron

ENTRADIÑA →

CORPO →

NURIA CASAS Zaragoza
Un total de 400 alumnos zaragozanos de tres años, cuatro años y 1º de Primaria no podrán estudiar el próximo curso en el colegio público o privado concertado que sus padres eligieron en primera opción, si bien su escolarización está asegurada porque quedan plazas vacantes en otros centros de su zona, según la Dirección Provincial de Educación. Esta cifra de alumnos -221 de tres años, 65 de cuatro años y 114 de 1º de Primaria- se contabiliza descontando a los niños que han sido admitidos después de que la Dirección Provincial del MEC permitiese u obligase a acoger más alumnos por aula de los recogidos por ley.

Ocho colegios privados concertados de Zaragoza que solicitaron a la Dirección Provincial de Educación el aumento en el número de alumnos por aula han obtenido el permiso ministerial. La medida supone que algunos centros admitan a 28 alumnos por aula en lugar de los 25 que marca la LOGSE como máximo permitido para una buena escolarización.

Según datos facilitados por el presidente de la Comisión de Escolarización, el inspector del MEC José Luis Roche, en la zona 1 (Actur), se ha incrementado la ratio -relación de alumnos por profesor- en 1º de Primaria en El Pilar-Marianistas -para de ofertar 75 plazas a 85, por lo que sus aulas serán de 28 alumnos-, el Sagrado Corazón de Jesús -de 100 a 114- y Cristo Rey -de 75 a 77-.

De esta forma, el aumento de niños por clase se ha producido en los tres centros privados concertados que hay en la zona 1, así como en los colegios públicos Cortes de Aragón, Eusebio López y López, Río Ebro y Hermanos Marx. No obstante, en el caso de los centros concertados es la dirección del colegio la que pide el incremento del ratio, mientras que en los públicos ha sido impuesto por el MEC.

Plazas vacantes
Por contra, se da la circunstancia de que un colegio público ubicado en la zona, el de reciente construcción Guillermo Dohate (Actur IV), es el centro de la ciudad que más plazas vacantes tiene para tres años -33- y para 1º de Primaria -26-. (El edificio de Infantil está en funcionamiento desde este curso, mientras que el de Primaria no se ha construido pero estará en marcha, según asegura el MEC, en septiembre).

En la zona 5, que aglutina a los barrios Centro-Universidad-Torre-La Paz, el MEC también ha autorizado dos plazas más en el colegio San Agustín -de 75 a 77-, tres en el Rosaleda -de 75 a 78-, y las tres plazas que pidió Marianistas -de 100 a 103-. En esta zona, la Dirección Provincial ha rechazado incrementar el número de alumnos por clase en la Compañía de María, caso lo había pedido. La medida de vivir en la acera del centro. «Ya les advertimos que eso no se podía admitir», señaló Roche. La Dirección Provincial solicitó a los colegios que, antes de abrirse al proceso de admisión de alumnos, consultaran las listas de admitidos.

Una mayoría de centros públicos no ha aplicado el punto discrecional

N. C. Zaragoza
La mayoría de los centros públicos de Zaragoza no ha aplicado el punto discrecional que podía utilizar para admitir alumnos en caso de aumento. Los colegios


Madres de alumnos del colegio público Río Ebro -del Actur- consultan las listas de admitidos

FOTO →

→ PÉ DE FOTO

CENTROS CON MAS NIÑOS SIN PLAZA

A NOTICIA- Tarefa 1



Escribe un titular para esta noticia de "La voz de Galicia".

Galaxia e a Universidade de Vigo anunciaron onte a incorporación de seis novos títulos á colección Feminismos da editorial. Son estudos elaborados por estudantes da institución académica viguesa, que presentaron esas obras como traballos de fin de grao ou de máster. O primeiro libro que se incorpora á colección titúlase Son unha nena. Sufrirei discriminacións e violencia sexual?.

O director de Galaxia, Francisco Castro, asegurou que «non hai non estado español e non creo que en Europa unha editorial que publicase tantos ensaios de corte feminista en tan poucos anos». O escritor e editor dixo que «é importante que a sociedade saiba que ou feminismo é unha urxencia».

A directora da unidade de Igualdade da UVigo, Águeda Gómez, explicou que esta acción con Galaxia permite «divulgar e transferir vos coñecementos científicos feministas con perspectiva de xénero e que abordan ou estudo das mulleres ao resto da sociedade a través dunha canle privilexiada», como é unha editorial de referencia en Galicia.

Ademais, estes traballos académicos, segundo a directora, son os primeiros traballos de «futuras intelectuais de referencia do sur de Galicia». Os estudos que se publican están coordinados por docentes e investigadoras xa consolidadas. No caso do primeiro título, son María Lameiras e Yolanda Rodríguez.


Lameiras participou na presentación de onte e lembrou que a violencia machista se está incrementando entre a poboación adolescente e ese fenómeno «ten repercusión en toda a sociedade e non só nas mulleres». A investigadora reclamou responsabilidade dos medios de comunicación e denunciou a «forte reacción por parte do patriarcado» ante o feminismo.

Outros títulos producidos na Universidade que alimentarán esta colección son Contáronme un conto mal contado. Onde estaban as mulleres na historia?; As cores múltiples da vida. Diversidade sexual e identidades de xénero; Hackeamos ao patriarcado. Unha análise do machismo dixital; Rebeldes con causa. Voces feministas interpelando a creación cultural, e tamén Non nacemos para coidar. Como ser muller e vivir nunha sociedade patriarcal.

Escribe unha entradiña para este titular.

Un incendio ameaza o parque natural do monte Aloia

A NOTICIA- Tarefa 2



Inventa unha noticia a partir desta foto.



O ANUNCIO

O anuncio pode ser visual (imaxe ou foto), auditivo (son) o audiovisual (imaxe e son) e busca convencer ao público para que merque o produto.


Normalmente inclúe un "slogan" ou frase breve e orixinal para chamar a atención.

Os anuncios poden aparecer en televisión, radio, internet, xornais, revistas, valo publicitario...

PASOS:

1. Inventa un nome para a marca do produto.
2. Pensa un slogan orixinal.
3. Usa unha imaxe atractiva. Podes usar fotografías reais, debuxos, colaxes...

O ANUNCIO- Tarefa 1



Observa a responde.



Que produto se quiere vender?

Cal é o slogan deste anuncio?

Que tipo de anuncio é?

Onde pensas que poderías atopalo?


Escribe un slogan para este produto.



Saberías dicir a que supermercado pertence este slogan.

Vivamos como galegos!

O ANUNCIO- Tarefa 2



Pensa e desenha un anuncio publicitario para un produto que elixas.

CARTAS AO DIRECTOR


As cartas ao director son textos que os lectores dun xornal ou revista envían para expresar unha opinión, unha queixa, unha felicitación, unha suxerencia, unha dúbida, etc., sobre un artigo da publicación ou sobre calquera tema que lles preocupe.

Como expresan unha opinión, as cartas considéranse textos argumentativos.

PARTES:

- Lugar e a data en que se escriben.
- Un saúdo ao director da publicación e un rogo para que publique a carta.
*A data e o saúdo non aparecerán publicados no xornal ou revista.
- Un titular, que anuncia o tema do que se quere falar.
- O corpo da carta, no que se expón clara e brevemente a opinión, a queixa, a suxerencia...
- A firma de quen a envía.

CARTAS AO DIRECTOR- Tarefa 1



Na seguinte carta ao director, publicada no xonal "Nós diario", responde:

As Percebeiras. Un medio de vida, un medio para a vida.

As Percebeiras como espazo verde, cun importante valor medioambiental, non só son unha ferramenta para mellorar a calidade de vida do barrio, senón que constitúe un elemento clave para a imaxe da nosa cidade. Este anaco de ecosistema de costa é refuxio de aves, pero tamén é refuxio da nosa identidade atlántica. Visible dende toda a cidade, dialogando...

 MARTA RODRÍGUEZ PÉREZ  17/AGO./20



Cal é o titular?

Quen a escribe?

Cando se publica?

Onde se publica?



2

Non esquezas incluír as partes deste tipo de textos.

This image shows a blank sheet of white paper with horizontal ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

A ENTREVISTA

Unha entrevista é outro tipo de texto xornalístico no que un entrevistador fai preguntas a unha persoa (o entrevistado), para saber máis sobre a súa profesión, a súa vida, a súa maneira de pensar, un acontecemento que vivise, etc.


PARTES:

- Presentación. É a parte na que se explica quen é a persoa entrevistada.
- Corpo. Aparecen as preguntas que o xornalista fixo e as respostas que deu o entrevistado
- Despedida e peche. É a parte coa que se acaba a entrevista.

Ademais, as entrevistas escritas inclúen:

- Un titular. Como o da noticia, trata de captar a atención do lector. Con frecuencia, o titular é unha resposta especialmente interesante do entrevistado.
- Unha fotografía do personaxe entrevistado.

A ENTREVISTA- Tarefa 1



Le este fragmento dunha entrevista e responde ás preguntas.

Ledicia Costas (Vigo, 1979) é unha autora prolífica en lingua galega galardoada con numerosos premios: o importante Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (2015), o Premio Merlín de Literatura Infantil (2014), o Premio Lazarillo (2017)... A ategada axenda da escritora —con presentacións, visitas a centros de ensino, charlas, premios etc.— fixo imposible a realización desta entrevista de xeito presencial como estaba previsto, polo que o autor, mestre de linguas e un apaixonado pola literatura, e a entrevistada tiveron que recorrer a Internet.

D.G.: Comecemos reflexionando sobre a súa extensa obra. A súa bibliografía é moi variada, pois ten libros de literatura infantil, xuvenil, adulta, poesía... iso fai de vostede unha escritora polifacética e versátil. Pode contar onde está máis cómoda?

L.C.: Estou cómoda escribindo, no sentido máis amplo do termo. Gústanme os retos creativos. Nese eido é onde estou máis cómoda: no de traballar nunha obra que tire de min, que me obligue a esforzarme, ben pola súa temática, pola trama ou por cuestións técnicas.

D.G.: Se cadra esa versatilidade e a calidade dos seus escritos fai que estea vostede en racha. Recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil e o Premio Merlín por *Escarlatina, a cociñeira defunta*, *Jules Verne* e *a vida secreta das mulleres planta* foi galardoada co Premio Lazarillo 2015, recentemente acaban de premiar *A balada dos unicornios* co Premio Lazarillo... Que supoñen todos eses galardóns na súa traxectoria?

L.C.: Significan un posicionamento nun sistema literario alén do galego. Non é fácil acceder ao mercado español cando es unha autora en lingua galega. Eses premios funcionan coma unha ponte. Accedes a espazos e foros que doutro xeito non sería posible.

D.G.: De ter que escoller unha das obras que ten publicadas por proporcionarlle máis alegría ou recordos especiais diría...

L.C.: *Escarlatina, a cociñeira defunta*, pois o Premio Merlín e mais o Premio Nacional foron decisivos na miña carreira literaria, supuxeron un punto de inflexión.

D.G.: Todas as súas obras infantís e xuvenís salientan valores como a tolerancia cara ao diferente, o rexeitamento dos prexuízos, o poder da amizade e do amor e, asemade, rachan cos tabús sociais, pois aparecen as drogas, a sexualidade, a violencia, o acoso... Son algo secundario na trama ou pola contra os alicerces que as sustentan?

L.C.: Non, non son en absoluto elementos secundarios, todo o contrario. A trama vaise artellando arredor desas cuestións que poñen aos personaxes en situacións moitas veces complexas. Igual que sucede na vida real.

Como se diferenzan o entrevistador e o entrevistado?

A quen se entrevista? -----

Cal é a súa obra máis especial para ela? -----

Escribe dúas preguntas máis.

[illegible]

A CARTA FORMAL

Hai dous tipos de cartas, dependendo do rexistro que usemos: a formal e a informal.

PARTES:

- Encabezado: Débese escribir o nome da persoa a quen vai dirixida a carta, e baixo o nome, o cargo que a persoa ocupa ou algunha outra referencia pertinente. Ademais da dirección do receptor.

- Saúdo: debemos saudar ao destinatario de maneira cortés, pero mantendo sempre a linguaxe formal.

Estimado/a señor/a

Don/dona

Señor/a

- Corpo: é o “desenvolvemento” da carta; un número indeterminado de parágrafos nos que se expón aquilo que motiva a escritura.

- Despedida: pequeno parágrafo que vai ao finalizar a carta, no cal se sintetiza brevemente a idea principal da mesma, e péchase a comunicación con algunha palabra amable.

Atentamente


saúdalle cordialmente,

Saúdos cordiais,

Reciba un cordial saúdo,

- Firma: ao final da carta o emisor debe individualizarse co seu nome e calquera outra información que sexa relevante segundo a ocasión.

A CARTA FORMAL- Tarefa 1



Escribe o nome de cada parte desta carta formal.

Xoán Rodríguez López

Administración Librería Paxarros. →

Vilanova

Estimada señor Xoán. →

Pañame en contacto con vostede para solicitarlle que nos envíe,
a maior brevedade posible, a pedido que a continuación se
detalla:

20 paquetes de folias, tamaño A4

10 caixas de bolígrafos azuis.

30 cartolinas de cores surtidas.

Así mesmo, agradecemos que nos faga chegar a factura para
poder facer o pago.

Reciba un cordial saúdo. →

Luisa Pérez

Secretaria da CEIP Blanca Amar. →

[illegible]

A CARTA INFORMAL

Utilízase a linguaxe informal e coloquial. Nela transmitense acontecementos, sentimentos e pensamentos. A estrutura deste tipo de carta non é tan ríxida como no caso de cartas formais.

PARTES:

- Saúdo: hai varias formas de expresar o saúdo, adóitase colocar o nome do receptor.

Querido/a

Ola

Estimado/a

- Corpo: nesta parte redáctase a información que se quere transmitir. Normalmente empézase cun parágrafo introdutorio sobre o obxecto da carta.

- Despedida e firma: existen diferentes formas para despedirse por escrito segundo o tipo de relación que teñan os interlocutores. As máis comúns adoitan ser:

con agarimo,

unha aperta,

atentamente,

un saúdo,

- Posdata: en ocasións pódese engadir unha posdata ao final da carta na que se lembra ou se inclúe algunha información puntual ou que se nos esqueceu escribir na parte do corpo da carta. Indícase coa abreviatura P.D.:

[illegible]

O CORREO ELECTRÓNICO

Para escribir un correo electrónico é importante usar un rexistro adecuado:

- Formal, se lle escribimos a alguén que non coñecemos, ao director, correo de reclamación, pedir información, ...
- Informal pero adecuado con familiares, amigos...

Nos correos electrónicos debes:

- Ser breve
- Escribir correctamente, utilizando maiúsculas cando sexa necesario, puntos e comas e a acentuación necesaria. É importante coidar a ortografía e a gramática
- Ser conciso, claro e educado

PARTES:

- Destinatarios: correo ou correos aos que vai dirixido a mensaxe.
- Asunto: Debe de ser curto e preciso. Un resumo exacto ou o tema principal do noso correo.
- Corpo da mensaxe: aquí escribimos o texto da mensaxe que consta de varias partes:

Saúdo (se é formal, será como o da carta formal)

Información: Sendo breves, claros e directos.

Despedida: é importante despedirse de forma tan correcta como nos diriximos no comezo ao noso destinatario.

- Firma: Os correos finalizanse co teu nome ou nome e apelidos; que equivale á firma da carta postal.

Ademais tamén podes incluír ou achegar imaxes, documentos ou arquivos.




directoraceipblancoamor@edu.xunta

Enviar

Hai algún archivo adjunto? _____

O CORREO ELECTRÓNICO- Tarefa 2



Escríbelle un correo á unha empresa para solicitar información para un saída de fin de curso. Pensa que tipo de correo debes escribir.

The screenshot shows a web browser window with a new email composition interface. The title bar at the top says "Mensaje nuevo" and has standard window controls. Below the title bar, there are fields for "Para:" (To) and "Asunto:" (Subject). The "Para:" field has a "Cc CCO" button to its right. The main body of the email is a large, empty text area. At the bottom, there is a rich text editor toolbar with various icons for undo, redo, font face (Sans Serif), font size, bold, italic, underline, text color, background color, bulleted list, numbered list, link, unlink, quote, and insert. Below the toolbar is a blue "Enviar" (Send) button with a dropdown arrow, followed by icons for attachments, links, emojis, images, and a settings menu.



A RECENSIÓN

As recensións utilízanse para expoñer, valorar e opinar sobre unha obra literaria, unha peza audiovisual ou algún tipo de acontecemento como as obra teatrais ou os concertos. Nunha recensión nunca debemos desvelar o final da obra.

Poden ser orais, escritas ou audiovisuais, e poden estar publicadas en xornais, revistas, youtube...


A súa finalidade é facerlle saber o lector se vale a pena ler, ver ou escoitar esa obra.

PARTES:

- Título da obra.
- Información: nome do autor/a, ano de publicación, editoria.
- Resumo. Debe ser curto, sen desvelar a historia completa nin o final.
- Opinión persoal

Pódense incluír imaxes da obra.

A RECENSIÓN- Tarefa 1



Le e analiza esta recensión, despois responde ás preguntas.

INVISIBLE

Eloy Moreno

2018- Nube de tinta

Emotiva, conmovedora, diferente... Invisible narra, a través dos ollos dun neno, unha historia que podería ser a de calquera de nós.

Quen non desexou algunha vez ser invisible? Quen non desexou algunha vez deixar de selo?

O problema é que nunca cheguei a controlar ben ese poder: Ás veces, cando máis ganas tiña de ser invisible, era cando máis xente víame, e en cambio, cando desexaba que todos me visen, era cando ao meu corpo dáballe por desaparecer.

Este libro non deixa indiferente a ningún. Unha novela que engancha, emociona e faite reflexionar moito. Porque irremediabilmente te pos no lugar de algún dos seus protagonistas. Sen dúbida esta historia pódese ler a calquera idade.

Que tipo de obra é?

Quen é o autor da obra?.....

Cal é a opinión da persoa que escribe a recensión?

.....
.....

E ti, liches este libro? Cal é a túa opinión persoal?

.....
.....

Non esquezas incluír todas as partes.

This image shows a blank sheet of white paper with horizontal ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

A BIOGRAFÍA

A biografía é unha narración que conta a vida dunha persoa.

Os autores teñen que reunir moitos datos, investigar en profundidade e asegurarse de que a información é real para non meter a pata. Nunha biografía é fundamental tratar de contar a verdade.

PARTES:


- Nacemento (data e lugar) do personaxe en cuestión.
- Vida:
 - Familia
 - Formación e estudos.
 - Obras e actos máis importantes.
 - Acontecementos importantes da súa vida.
 - Curiosidades, anécdotas ou datos curiosos.
- Falecemento (data e lugar), se ocorreu.

Os datos deben estar escritos en orde cronolóxica (ordeados segundo foron ocorridos)

Pódense incluír fotos da persoa, imaxes da súa vida ou relacionadas coas súas obras, estudos, traballo...

Se unha persoa escribe a súa propia biografía chámase autobiografía.

A BIOGRAFÍA- Tarefa 1



Ordena esta biografía e despois responde. Sabes de quen fala este texto?

☐

Rosalía morre o 15 de xullo de 1885 na súa casa de Padrón.

☐

A vida de Rosalía, polo menos os primeiros anos, foron moi duros porque era filla dun sacerdote e unha muller moi pobre. Os sacerdotes non podían casar nin ter fillos, polo que el nunca lle deu apoio económico nin a recoñeceu.

☐

Nada en España no ano 1837, Rosalía foi unha poetisa e novelista aclamada por escribir as súas obras tanto en galego como en castelán.

☐

Durante os seus primeiros anos de vida tivo que vivir coas súas tías nunha aldea de Galicia e aí foi onde aprendeu a lingua, os seus costumes e moito da cultura galega. Ao pouco tempo mudouse a Madrid, onde publicou o seu primeiro libro de poesía: A Flor (1857). Entre as súas obras máis grandes están Cantares galegos, Follas Novas e Nas beiras do Sar, todas escritas en galego e castelán á vez.

☐

Ademais, Rosalía nunca gozou dunha boa saúde e estivo afectada sempre por dores e enfermidades que lle facían ter que pasar moito tempo na súa cama. Con todo, nada disto fixo que deixase de escribir nin de plasmar o seu talento.

☐

Rosalía tiña unha gran habilidade para a escritura e a poesía, pero moitas das súas historias estaban cheas de tristeza e melancolía. Porque a súa vida estivo chea de situacións algo tristes e a escritura era a súa forma de loitar contra elas. A máis triste, sen dúbida, sería a morte repentina dos seus dous fillos, Adriano e Valentina.



[illegible]